




POZAS DO MALLÓN

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 2, 8 km (ida e volta)

Dificultade: media

Duración: 1 hora, 30 minutos

En Olelas, na parroquia de Illa (Entrimo), no río Barxa ou Castro Leboreiro, fronteira entre Galicia e Portugal. Un conxunto de catro fermosas fervezas encadeadas e as súas impresionantes pozas. Seguindo o río hai outros saltos máis pequenos e numerosos rápidos. A ruta discorre por unha área de Reserva Integral do Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés.

COMO CHEGAR: unha estrada leva de Entrimo a Olelas. En Olelas cóllese a pista que baixa ao río e séguese ata o final, déixase o coche e un carreiro, que sae de alí mesmo e remonta o río, nuns 600 m lévanos ata unha pequena edificación restaurada; ou damos volta, volvemos atrás uns 200 m, deixamos o coche á sombra das mimosas, e collemos a pista que sae a esquerda que, en 750 m, nos leva ao mesmo lugar que o carreiro. Do mesmo punto no que remata a pista sae outro carreiro, atrancado cunha porta, cada pouco menos evidente, que nos permite seguir remontando o río, nalgúns puntos e difícil de seguir pero fixándose hai fitos de pedra e unhas fitas de plástico colgadas nas árbores que axudan no percorrido.

Nun treito, o máis complicado, alonxámonos do val do río, un saínte rochoso impide seguilo, pero ao chegarmos ao punto no que desaparecen as árbores, superado o saínte volvemos a recuperar a vista do val e teremos á esquerda e un pouco por detrás unha pequena elevación á que hai que achegarse para poder gozar deste magnífico conxunto. Ata aquí levaremos percorrido, máis ou menos, outro km.

Tamén se pode facer desde Ribeiro de Baixo (Portugal), cruzando o río.

